



Nada soy yo,  
cuerpo que flota, luz, oleaje;  
todo es del viento  
y el viento es aire siempre de viaje.



## DE VIAXE CO VENTO

CPI “LUÍS DÍAZ MORENO” BARALLA. EQUIPO DE BIBLIOTECA

## CANTIGA PARA DURMIR A UN NENO

Celanova ten un vento,  
Celanova un vento ten,  
un vento peleriñante,  
un vento que vai e vén.

Un vento que más que vento  
é un timoso roncón  
fungando polos tellados  
con grave e tristeiro son.

Iste vento vagamundo,  
vai coa lúa, vén co sol,  
vai cos mozos, vén cos vellos,  
vai coa neve, vén coa frol.

Vai coas nubes viaxeiras  
por camiños de romaxe.  
Vén co pandeiro da chuvia  
repenicando a paisaxe.

De dia vai cos paxaros  
i anda a brincar polas hortas.  
De noite vén cos morcegos  
i anda a petar polas portas.

Meu neno, non teñas medo,  
que iste vento é meu amigo,  
i anque rosma polas rúas  
non te levará consigo.

Vento que vas a ventura,  
¿non ollas cómo che aceno?  
vaite deiqui pasenío,  
deixa durmir ó meu neno.

(Celso Emilio Ferreiro)



Con tu frente en mi frente,  
con tu boca en mi boca,  
atados nuestros cuerpos  
al amor que nos quema,  
deja que el viento pase  
sin que pueda llevarme.

Deja que el viento corra  
coronado de espuma,  
que me llame y me busque  
galopando en la sombra,  
mientras yo, sumergido  
bajo tus grandes ojos,  
por esta noche sola  
descansaré, amor mío.  
(Pablo Neruda)



### Viento

Cantan las hojas,  
bailan las peras en el peral;  
gira la rosa,  
rosa del viento, no del rosal.  
Nubes y nubes  
flotan dormidas, algas del aire;  
todo el espacio  
gira con ellas, fuerza de nadie.



Todo es espacio;  
vibra la vara de la amapola  
y una desnuda  
vuela en el viento lomo de ola.

Nada soy yo,  
cuerpo que flota, luz, oleaje;  
todo es del viento  
y el viento es aire siempre de viaje.

(Octavio Paz)

i a liberta contestaba.  
Decìa povo,  
respondia a esperanza.  
Decìa terra  
i os nenos achegàbanse.  
Falaba de xusticia,  
e todo se puña branco.  
Decìa vinde,  
e brindaba póla paz  
(paz de consenso  
non paz acobillada na xenreira)  
Decìa morra,  
e moitas cousas suxas morrián.



Alcendeu fachos na noite,  
pro os invasores solprenderon.

(Celso Emilio Ferreiro)

#### El viento en la isla

El viento es un caballo:  
óyelo cómo corre  
por el mar, por el cielo.

Quiere llevarme: escucha  
cómo recorre el mundo  
para llevarme lejos.



Escóndeme en tus brazos  
por esta noche sola,  
mientras la lluvia rompe  
contra el mar y la tierra  
su boca innumerabla.

Escucha como el viento  
me llama galopando  
para llevarme lejos.

#### CON EL MUUU DE LAS RAMAS

Con el muuu de las ramas,  
con el ay de las damas,  
con el cro de las ranas,  
y el gloo amarillo de la miel.  
Llegará un torso de sombra  
coronado de laurel.  
Serà el cielo para el viento  
duro como una pared  
y las ramas desgajadas  
se iràn bailando con él.



(Federico García Lorca)



#### HISTORIETA DEL VIENTO

El viento venía rojo  
por el collado encendido  
y se ha puesto verde, verde  
por el río.



Luego se pondrá violeta,  
amarillo y...  
será sobre los sembrados  
un arco iris tendido.

(Federico García Lorca)

### EL SILBO DEL DALE

Dale al aspa, molino,  
hasta nevar el trigo.

Dale a la piedra, agua,  
hasta ponerla mansa.

Dale al molino, aire,  
hasta lo inacabable.

Dale al aire, cabrero,  
hasta que silbe tierno.

Dale al cabrero, monte,  
hasta dejarle inmóvil.

Dale al monte, lucero,  
hasta que se haga cielo.

Dale, Dios, a mi alma  
hasta perfeccionarla.

Dale que dale, dale  
molino, piedra, aire.

Cabrero, monte, astro,  
dale que dale largo.

Dale que dale, Dios,  
¡ay!  
hasta la perfección.

(Miguel Hernández)



¡Quen poidera namorala,  
meu amigo!

(Álvaro Cunqueiro)

### MARÍA SOLIÑA

Polos camiños de Cangas  
a voz do vento xemía;  
¡ai, qué soliña quedaches,  
María Soliña!



Nos areales de Cangas,  
muros de noite se ergúan:  
¡ai, qué soliña quedaches,  
María Soliña!

As ondas do mar de Cangas  
acedos ecos traguían:  
¡ai, qué soliña quedaches,  
María Soliña!..

As gueivotas sobre Cangas  
soños de medo tecían:  
¡ai, qué soliña quedaches,  
María Soliña!



Baixo os tellados de Cangas  
anda un terror de auga fría:  
¡ai, qué soliña quedaches,  
María Soliña!

(Celso Emilio Ferreiro)

### O PRECURSOR

Era iste un poeta  
que decia vento

E, logo, funa botar,  
Ás altas horas da noite,  
Pólo buzón do luar...

\_Estaba todo calado,  
No buzón había unha carta  
Dun luceiro namorado.

Màis tarde sentir pasar  
O peatón dunha nube  
Co correo do luar...\_

...Cando por aí pase o vento,  
Terrina do corazón,  
Nun sobre de sentimento  
Darache a miña canción...

(Aquilino Iglesia Alvariño)

### NO NIÑO NOVO DO VENTO

No nino novo do vento  
hai unha pomba dourada,  
¡meu amigo,  
quen poidera namorala!

Canta ao luar e ao mencer  
en frauta de verde olivo.  
¡Quen poidera namorala,  
meu amigo!

Ten àers de frol recente,  
cousas de recén casada;  
¡meu amigo,  
quen poidera namorala!

Tamén ten sombra de sombra  
e andar primeiro de rio.



### Campanas de Bastavales

Corre o vento, o río pasa.  
Corren nubes, nubes corren  
camiño da miña casa.

Miña casa, meu abrigo,  
vanse todos, eu me quedo  
sin compaña nin amigo.

Eu me quedo contemplando  
as laradas das casiñas  
por quen vivo sospirando.

(Rosalía de Castro)



### Adiós, ríos; Adiós, fontes

Adiós, ríos; adiós, fontes;  
adiós, regatos pequenos;  
adiós, vista d'os meus ollos,  
non sei cando nos veremos.



Miña terra, miña terra,  
terra donde m'eu criei,  
hortiña que quero tanto,  
figueiriñas que prantéi.

Prados, ríos, arboredas,  
pinares que move o vento,  
paxariños piadores,  
casiñas d'o meu contento.



Muiño d'os castañares,  
noites craras d'o luar,  
campaniñas timbradoiras  
d'a igrexía d'o lugar.

Amoriñas d'as silveiras  
que eu lle daba ô meu amor,  
camiñños antr'o millo,  
¡adiós para sempr'adiós!

¡Adiós, gloria! ¡Adiós, contento!  
¡Deixo a casa onde nascín,  
deixo a aldea que conoço,  
por un mundo que non vin!

Deixo amigos por extraños,  
deixo a veiga pol-o mar;  
deixo, en fin, canto ben quero...  
¡quén puidera non deixar!

(Rosalía de Castro)



### A PRIMAVEIRA

Xa encima dos penedos  
Non berra o graxo rouco,  
Que alá nas negras noites  
As néboas espallou,  
Nin funga nas troneiras  
O son do vento louco,  
Que cántigas de bruxas  
E trasgos remedou.



(Manuel Curros Enríquez)

¡Triste Ramón de Sismundi!  
Sinteu amuiñeira de ágoa  
mentras sete bois de lúa  
pacían na súa lembranza.  
Foise pra beira do río  
beira do Río da Prata.  
Sauces e cabalos núsos  
creban o vidro das ágoas.  
Non atopou o xemido  
malencónico de gaita,  
non viu o inmenso gaitero  
coa boca frolida de alas;  
Triste ramón de Sismundi,  
beira do Río da Prata,  
viu na tarde amortecida  
bermello muro de lama.



(Federico García Lorca)

### POLO CORREO DO VENTO

Polo correo do vento  
Màndoche a miña canción,  
Nun sobre de sentimento  
Que asinei co corazón.

Escríbìn liña por liña,  
À luz da miña saudade,  
No colo dunha estreliña.

-A esa hora no Valiño,  
Se cadra, a sombra das àrbres  
Morrera sobre o camiño....\_.



Ao acaba-la canción,  
Sequei a tinta inda verde,  
Co pó da miña emoción.

## MADRIGAL Á CIBDÁ DE SANTIAGO

Chove en Santiago,  
meu doce amor.  
Camelia branca do ar  
brila entebrecida ó sol.

Chove en Santiago  
na noite escura.  
Herbas de prata e de sono  
cobren a valeira lúa.

Olla a choiva pola rúa,  
laio de pedra e cristal.  
Olla no vento esvaído  
soma e cinza do teu mar.

Soma e cinza do teu mar,  
Santiago, lonxe do sol.  
Ágoa de mañán anterga  
tremo no meu corazón.

(Federico García Lorca)



## CANTIGA DO NENO DA TENDA

Bos Aires ten unha gaita  
sobre do río da Prata,  
que a toca o vento do norde  
coa súa gris boca mollada.  
¡Triste Ramón de Sismundi!  
Aló na rúa Esmeralda,  
basoira que te basoira  
polvo de estantes e caixas.  
Ao longo das rúas infindas  
os galegos paseiaban  
soñando un val imposíbel  
na verde riba da Pampa.



## Airiños, airiños aires

Airiños, airiños aires,  
airiños da miña terra;  
airiños, airiños aires,  
airiños, levaime a ela.



Sin ela vivir non podo,  
non podo vivir contenta,  
que adonde queira que vaia,  
cróbeme unha sombra espesa.  
Cróbeme unha espesa nube,  
tal preñada de tormentas,  
tal de soidás preñada,  
que a miña vida envenena.  
Levaime, levaime, airiños,  
como unha follía seca,  
que seca tamén me puxo  
a callentura que queima.  
¡Ai!, si non me levás pronto,  
airiños da miña terra;  
si non me levás, airiños,  
quisais xa non me conesan,  
que a frebe que de min come,  
vaime consumindo lenta,  
e no meu corazonciño  
tamén traidora se ceiba.



Fun noutro tempo encarnada  
como a color de sireixa,  
son hoxe descolorida  
como os cirios das igrexas,  
cal si unha meiga chuchona  
a mina sangre bebera.  
Voume quedando muchiña  
como unha rosa que inverna,  
voume sin forzas quedando,  
voume quedando morena,



cal unha mouriña moura,  
filla de moura ralea.

Levaime, levaime, airiños,  
levaime a donde me esperan  
unha nai que por min chora,  
un pai que sin min n'alentá,  
un irmán por quen daría  
a sangre das miñas venas,  
e un amoriño a quen alma  
e vida lle prometera.  
Si pronto non me levades,  
¡ai!, morrerei de tristeza,  
soia nunha terra estraña,  
donde estraña me alomean,  
donde todo canto miro  
tomo me dice: «¡Extranxeira!»

¡Ai, miña probe casiña!  
¡Ai, miña vaca vermella!  
Años que balás nos montes,  
pombas que arrulás nas eiras,  
mozos que atruxás bailando,  
redobre das castañetas,  
xas-co-rras-chás das cunchiñas,  
xurre-xurre das pandeiras,  
tambor do tamborileiro,  
gaitiña, gaita gallega,  
xa non me alegras dicindo:  
«¡Muiñeira, muiñeira!»  
¡Ai, quen fora paxariño  
de leves alas lixeiras!  
¡Ai, con que prisa voara,  
toliña de tan contenta,  
para cantar a alborada  
nos campos da miña terra!  
Agora mesmo partira,  
partira como unha frecha,



sin medo ás sombras da noite,  
sin medo da noite negra;  
e que chovera ou ventara,  
e que ventara ou chovera,  
voaría e voaría  
hastra que alcansase a vela.  
Pero non son paxariño  
e irei morrendo de pena,  
xa en lágrimas convertida,  
xa en sospiriños desfeita.



Doces galleguiños aires,  
quitadoiriños de penas,  
encantadores das augas,  
amantes das arboredas,  
música das verdes canas  
do millo das nosas veigas,  
alegres compaíneiriños,  
run-run de tódalas festas,  
levaime nas vosas alas  
como unha folliña seca.  
Non permitás que aquí morra,  
airiños da miña terra,  
que áinda penso que de morta  
hei de sopirar por ela.  
Aínda penso, airiños aires,  
que dimpois que morta sea,  
e aló polo camposanto,  
donde enterrada me teñan,  
pasés na calada noite  
runxindo antre a folla seca,  
ou murmuxando medrosos  
entre as brancas calaveras;  
inda dimpois de mortiña,  
airiños da miña terra,  
heivos de berrar: «¡Airiños,-  
airiños, levaime a ela!»  
(Rosalía de Castro)

